

ANEXO IV**DECLARACIÓN DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS DE PEME**

D/Dª. _____ con DNI nº _____, en nome e representación da empresa _____, DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE, que a dita empresa pertence á categoría de peme, de acordo cos criterios establecidos na Recomendación da Comisión Europea do 6 de maio de 2003 (DOCE do 20 de maio de 2003), sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas.

E, para que así conste ante a Consellería de Innovación, Industria e Comercio, asino esta declaración

_____, ____ de _____ de _____

Asdo.:

(Sinatura e selo da empresa solicitante)

DEFINICIÓN DE PEME SEGUNDO A RECOMENDACIÓN DA COMISIÓN EUROPEA DO 6 DE MAIO DE 2003:

- O número 1 do artigo 2 da dita recomendación di: "A categoría de microempresas, pequenas e medianas empresas (PEME) está constituida por empresas que ocupan a menos de 250 persoas e cuxo volume de negocios anual non excede de 50 millóns de euros ou cuxo balance xeral anual non excede de 43 millóns de euros."
- No caso de empresas "NON AUTÓNOMAS", é dicir, que estean participadas por outras organizacións, débese acudir ao artigo 3 da dita recomendación, para o cálculo dos efectivos e os importes financeiros, para os efectos de determinar se pertence ou non á categoría de PEME.

ANEXO V**DECLARACIÓN DE NON INCORRER EN EXCLUSIÓNS PARA SER BENEFICIARIO DE SUBVENCIÓN AO ABEIRO DESTA ORDE**

D/Dª. _____ con DNI nº _____, en nome e representación da empresa _____, DECLARA, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE, que dita empresa non incorre en ningunha das tres (3) exclusiós, para ser beneficiario de subvención, citadas no artigo 3.2 desta orde.

E, para que así conste ante a Consellería de Innovación, Industria e Comercio, asino esta declaración

_____, ____ de _____ de _____

Asdo.:

(Sinatura e selo da empresa solicitante)

ARTIGO 13.2 DA LEI 38/2003, DO 17 DE NOVEMBRO XERAL DE SUBVENCIÓNS:

Non poderán obter a condición de beneficiario das subvencions reguladas nesta lei as persoas ou entidades en que concorra algúnsa das circunstancias seguintes:

- a) Ter sido condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencions ou axudas públicas.
- b) Ter solicitada a declaración de concurso, ter sido declarados insolventes en calquera procedemento, estar declarados en concurso, estar suxeitos a intervención xudicial ou ter sido inhabilitados conforme a Lei concursal sen que teña concluído o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.
- c) Ter dado lugar, por causa da que fosen declarados culpables, á resolución firme de calquera contrato celebrado coa Administración.
- d) Estar incusa a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que teñan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos da Lei 12/1995, do 11 de maio, de incompatibilidades dos membros do Goberno da Nación e dos altos cargos da Administración xeral do Estado, da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas, ou tratarse de calquera dos cargos electivos regulados na Lei orgánica 5/1985, do 19 de xuño, do réxime electoral xeral nos termos establecidos nela ou na normativa autonómica que regule estas materias.
- e) Non estar ao dia no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, na forma que se determine regulamentariamente.
- f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- g) Non estar ao dia no pagamento de obrigas por reintegro de subvencions nos termos que regulamentariamente se determinen.
- h) Ter sido sancionado mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencions segundo esta lei ou a Lei xeral tributaria.

ANEXO VI**MODELO DE ACEPTACIÓN DA RESOLUCIÓN DE CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN**

D/Dª. _____ con DNI nº _____, en nome e representación da empresa _____, BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

MANIFESTA

Que o día _____ recibiu a notificación da resolución de concesión dunha subvención, por importe de _____ €, ao abeiro da orde do _____ da Consellería de Innovación, Industria e Comercio, pola que se aproban as bases reguladoras da concesión de axudas para o fomento da propiedade industrial, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2005, e

DECLARA

A formal aceptación da subvención concedida, asumindo o compromiso de cumplir todas as condicións establecidas na orde do _____ e na correspondente resolución de concesión da subvención.

_____, ____ de _____ de _____

Asdo.:

(Sinatura e selo da empresa solicitante)

ANEXO VII**SECTOR DE ACTIVIDADE**

No campo "Sector" que figura nos datos do solicitante do anexo I, deberá indicarse, de acordo coa seguinte lista, o sector ao que pertence a empresa:

- Agricultura/gandaría/pesca.
- Comercio.
- Construcción.
- Industrias extractivas: produtos enerxéticos.
- Industrias extractivas: outros minerais agás produtos enerxéticos.
- Industrias manufactureiras: alimentación/bebidas/tabaco.
- Industrias manufactureiras: artesanía.
- Industrias manufactureiras: audiovisual.
- Industrias manufactureiras: edición/artes gráficas.
- Industrias manufactureiras: madeira/cortiza/papel.
- Industrias manufactureiras: maquinaria e equipo eléctrico/electrónico.
- Industrias manufactureiras: maquinaria e equipo mecánico.
- Industrias manufactureiras: outros produtos minerais non metálicos.
- Industrias manufactureiras: química/caucho/plástico.
- Industrias manufactureiras: téxtil/confección/coiro/calzado.
- Industrias manufactureiras: vehículos e material de transporte.
- Industrias manufactureiras: outras manufaturas.
- Produción/distribución de enerxía eléctrica, gas e auga.
- Servizos: consultoría.
- Servizos: educación.
- Servizos: finanzas.
- Servizos: hostalaria.
- Servizos: enxeñería.
- Servizos: tecnoloxías da información e comunicación.
- Servizos: outros servizos.
- Transporte.

Corrección de errores.-Resolución do 23 de febreiro de 2005, da Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, pola que se convocan exames ordinarios para a obtención de carnés profesionais no ano 2005.

Advertidos errores na devandita resolución, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 43, do 3 de marzo de 2005, cómpre facer as seguintes correccións:

Na páxina 3.578, onde di: «Tribunal nº 1.

Presidente: Carlos Gómez Martínez», debe decir: «Tribunal nº 1. Presidenta: Eloísa Moreno Talayo».

Na páxina 3.579, onde di: «Tribunal nº 2. Presidenta: Carmen Vázquez Domínguez. Suplente: Juan José Iglesias Suárez. Secretaria: Sonia Martínez Mosquera», debe decir: «Tribunal nº 2. Presidenta: Carmen Vázquez Domínguez. Suplente: Juan José Iglesias Suárez. Secretaria: María Ángeles Nogueira Cabo».

**CONSELLERÍA DE FAMILIA,
XUVENTUDE, DEPORTE
E VOLUNTARIADO**

Corrección de errores.-Orde do 1 de marzo de 2005 pola que se regula o procedemento de adxudicación de prazas nos centros de atención á primeira infancia dependentes da Consellería de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado para o curso 2005/2006.

Advertidos errores na devandita orde, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 47, do mércores, 9 de marzo de 2005, cumpre realizar as seguintes correccións:

-Na páxina 3.991, no punto 2 do artigo 14º.-Tarifas, débese engadir o seguinte parágrafo:

«No caso de que se solicite máis de 8 horas diárias de asistencia ao centro, a tarifa mensual que lle corresponda aboar, incrementarase atendendo o número de horas que permaneza no centro, segundo